






Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 0114/2017**

## **ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

En resposta á reclamación presentada por , mediante escrito do 21 de novembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** O *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno* remitiu un escrito de   
, con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 21 de novembro de 2017, en relación a unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte da Universidade da Coruña en relación aos convenios asinados con entidades privadas e públicas, polas que os estudantes universitarios poden realizar prácticas curriculares e extracurriculares nestas Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo. Sendo a información solicitada os convenios rexistrados desde 2014 ata a actualidade.

O escrito viña acompañado da copia do escrito que o reclamante dirixira ao *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, na que non figuraba a solicitude inicial. Desta documentación resulta que o único enderezo existente é o electrónico.

**Segundo.** Con data 29 de novembro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado á UDC para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegaran informe e copia completa e ordenada do expediente.

O requirimento de expediente foi recibido pola universidade o 4 de decembro de 2017.

**Terceiro.** Con data de 18 de decembro de 2018, recibido no rexistro do Valedor do Pobo o 18 de decembro de 2017, a UDC informa que non se ten constancia da presentación da solicitude

inicial, tanto nos rexistros presenciais da universidade como tampouco por rexistro electrónico. Indicando que “ *De todos os xeitos, con data de hoxe e co fin de non demorar mais a resposta á súa solicitude de información, remitiremos por correo electrónico a [REDACTED], pois é a súa opción de comunicación, a información solicitada sobre os convenios asinados pola Universidade da Coruña desde o 2014 até a actualidade.*”

**Cuarto.** O 30 de decembro de 2017 , o rexistro de saída do Valedor remite ao correo electrónico do reclamante escrito no que se lle solicitaba que achegara acreditación da vontade do interesado para a tramitación do expediente, dándoselle un prazo de dez días para actuar, sen que actuara.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola citada Lei 19/2013 e pola Lei 1/2016, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia, órgano colexiado, a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

### **Cuarto. Análise do expediente**

O artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro establece que se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala a lexislación específica aplicable, requirírase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada.

Neste expediente o 30 de novembro de 2017, se solicitou ao reclamante que acreditara a autenticidade da súa vontade para a tramitación da reclamación por calquera medio admitido en dereito, para o que se lle daba un prazo de dez días.

A proposta de emenda e mellora da solicitude se dirixiu ao único enderezo (un correo electrónico) que o reclamante sinalara a efecto de notificacións na reclamación presentada ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno.

Xa que logo o reclamante non acreditou a vontade de tramitar a reclamación ante a Comisión da Transparencia.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

## **ACORDA**

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

**Único:** Arquivar o expediente por desistencia e declarar concluso o procedemento.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga